

FLOR DE PALABRAS

Dobremente recoñecida a súa valía por parte da crítica, *Libra* de Gonzalo Navaza confórmase como un dos poemarios máis interesantes dos que viron a luz no ano 2000. Así, ademais de acadar o Premio Martín Codax, foi galardonado co Premio da Crítica Española convertendo ó seu autor nun poeta dobremente premiado neste certame por canto xa recibira a mesma distinción en 1991 por *Fábrica íntima*. Neste sentido, a crítica valorou positivamente a heteroxeneidade plural que destaca no poemario pois *Libra* redonda nas preocupacións básicas como poeta dun autor marcado pola dupla atención ó intimismo e ó experimentalismo formal a través de moldes tan pouco habituais como os do palíndromo (que xa explorara na fermosa e sorprendente obra que é *A torre da derrotA*) ou os xogos léxicos. Deste xeito, Navaza establece unha ponte de contacto coa súa propia obra narrativa onde sobrancean o lúdico e o íntimo nun perfecto equilibrio como pode verse en *Erros e Tánatos*.

O equilibrio propio da balanza, que representa o signo zodiacal evocado no título do poemario, vai vertebrar todos os textos que compoñen *Libra* pois nel o eu poético utiliza as palabras como un fiel onde poder sopesar “a gravidade/ da verdade e a mentira/ na simple balanza do meu corpo de home”. Simétrico é o corpo da balanza e tamén o do ser que se ocupa de explorar a verdadeira importancia da palabra canto instrumento nomeador e creativo, medio para recoñecerse e solventar os problemas existenciais propios dunha persoa atormentada. Así, a palabra eríxese en forza constructiva pois “só sobre as palabras se constrúe a esperanza” e isto permite ir derivando a mensaxe poética ata os dominios dun optimismo que facilita o establecemento das novas pautas precisas á hora de conformar unha vida renovada. Por contra, as palabras tamén forman un constante e reiterado campo léxico da desolación xa que os gumes, o río heracliteano e as feridas provocadas por todo tipo de sentimentos vai vertebrar a meirande parte dos poemas: “No gume da navalla, no fío,/ na liña que trazan as augas vertentes/ depositamos palabriñas inxenuas/ baixo un ceo indiferente. (...) E canto máis caído, caes/ a maior velocidade”. Malia todo, o ton xeral do poemario resulta luminoso e positivo superando ese primeiro impulso de deixarse levar polas augas turbulentas e torrenciais que arrastran ó eu poético no seu magma existencial. Precisamente, de aí devén a oportunidade do título por canto é posible nel efectuar unha lectura anagramática que transforma “libra” en “abril”, ese mes tan cruel que dicía Elliot, representando o momento do cambio violento, a substitución do inverno pola primavera. Do mesmo xeito, o eu poético vese impelido a abandonar o seu estadio primeiro, a mudar nunha nova personalidade marcada polo cambio continuo e sen final que implica a propia vida.

Por outra parte, en *Libra* cómpre destacar o claro exercicio de experimentación formal que Gonzalo Navaza efectúa, ben introducindo no poema formas métricas clásicas e tradicionais, ben explorando terreos pouco transitados como os do palíndromo, a aliteración ou o ritmo musical. Entrementres, tamén é posible albiscar o establecemento de enlaces metaliterarios cos autores admirados a xeito de recordo para eles e de reto para un creador que se ve constreñido nos estreitos límites que estas poéticas lle marcan. Así, en “Homenaxe” vaise apropiarse de varios versos de Uxío Novoneyra para construír un texto novo onde “Dende o bicarelo do bico do brelo/ o verbo pinga pingas de cristal carambello/ sobre a páxina en branco de silencios xeadá”; por contra, en “Anagramática” utilízase o verso de Rosalía de Castro “Claro Sar, doíaste” para facer asociacións léxicas como “Calor da rosa es ti,/ correa das loitas/ crótalo das eiras” que permiten artellar un poema sorprendente e fermoso á vez. Sen embargo, non sempre a experimentación formal devén en novos exercicios de renovación métrica pois o recurso á estrofa de catro versos (principalmente cuarteto) queda de manifesto en “Rosa común”. Non faltan tampouco fragmentos de cantigas populares integradas no poema, como “Cantares” ou “Mamá, aí mame”, nin xogos coa fonética das palabras -a aliteración en “Corrente circular” (“vaga,/ a auga algo di/ que me navega/ que me divaga/ de vagar”) e a recurrencia en “Oasis” (“Alí liba a libélula,/ alí lavaba Alí-Babá a xilaba,/ alí o bérber vai beber.”)- dotando ó poemario dunha vertente lúdica que se contrapón coa gravidade acadada á hora de asumir o ritmo do fado en “De obrigada memoria”: “Eu mido,/ só no sollado,/ a lene cadencia mol/ desa neve, la do sol./ La con que mido o latexo/ do meu tempo esfarelado”.

Así pois, do equilibrio entre adxudicar á temática unha importancia fulcral e dotar á forma de preeminencia, deriva un poemario simétrico na súa composición que ofrece textos de moi diversa xinea pero onde a palabra se erixe en elemento primordial para o eu poético e para a construción dos versos. Non podía ser doutra maneira, tendo en conta que se busca en *Libra* reivindicar a súa verdadeira importancia canto arxila, materia creativa. Por iso, acaba sendo a “flor do misterio/ que ilumina o vivir e agarima no pranto.// Unha flor de palabras, palabras simplemente,/ debuxada pra ti sobre o leito da area”.

TERESA SEARA

Tempos Novos, 49, xuño 2001, p. 73